

DECRETO

Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxo Fernández.

Ante o inesperado falecemento, o pasado sábado día 1 de marzo de 2025, da Excma. señora alcaldesa de Lugo, dona Mercedes Paula Alvarells Fondo, que supuxo desconcerto tanto a nivel persoal coma político e organizativo, faise necesario adoptar, con premura, unha serie de medidas que evite a desorde nos próximos días.

Unha das situacións que precisan arranxo sen demora é a do persoal eventual nomeado no seu momento pola alcaldesa, ao abeiro do disposto no artigo 104.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que presta funcións de confianza e asesoramento especial e que, polo acaecido, se atopa desbordado, indefenso e suspensos os proxectos de envergadura que se lle encomendaron, co engadido de que, ademais, non puido deixar en ningún momento de exercer a súa función de colaboración cos membros da corporación en facer fronte a todas as actuacións imprescindibles derivadas de tan lutuoso suceso.

A fin de evitar esta situación e logo do estudo efectuado pola secretaria xeral do Pleno, o vicesecretario accidental e o interventor xeral municipal, este alcalde en funcións, en virtude do artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do Decreto 4036, do 30 de abril, do 2024, de organización municipal, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Manter -con efectos do 1 de marzo de 2025- a todo o persoal eventual dependente desta corporación nos postos que lles foron asignados, ata a celebración do Pleno a que se refire o artigo 40.5 do ROF, momento a partir do que corresponderá tomar novas decisións ao respecto ao novo alcalde ou alcaldesa, todo isto para evitar ese baleiro e brusca ruptura na organización do Concello.

SEGUNDO.- Darlles traslado desta resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre e ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e oportunos efectos.

Cúmprase.